

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 28 de abril de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 28/04/2023
- II. Asistentes á CGIC do 28/04/2023
- III. Rexistro *R1-DO0301 P1 Verificación/Chequeo de Información Pública*
- IV. Memoria provisional de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas”

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2023.**

Envíouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe do Coordinador**

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade**

✓ **ES desenvolvemento TFG/TFM (emE) 2022/23:**

- 10 abril. Resultados finais (enquisa aos egresados no curso 2021/22):

Titulación	Participación	Respostas	Valoración
GEE	43%	9 de 21	3.72
GERME	43%	3 de 7	4.67
MUEM	33%	2 de 6	5.00
Total	41%	14 de 34	4.11


- Os resultados valoraranse no IRPD do curso 2021/22.

✓ **ES enquisas satisfacción 2022/23:**

- 6 abril. Datos provisionais de participación nas enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais de alumnado, persoas egresadas e profesorado:

Titulación	Alumnado			Profesorado			Egresados/as		
	Respostas	Poboación	%	Respostas	Poboación	%	Respostas	Poboación	%
GEE	2	41	5%	12	49	24%	0	21	0%
GERME	1	14	7%	8	20	40%	0	7	0%
MUEM	1	4	25%	15	32	47%	1	6	17%
EEME	4	59	7%	35	101	35%	1	34	3%
UVIGO	284	4372	6%	1331	5273	25%	301	3612	8%

- Pregan difusión para acadar unha maior participación.
 - Prazo: ata o 30 de maio (probablemente estenderase ata o 30 de xuño).
- ✓ **ES entidades empregadoras 2022/23:**
- 15 marzo e 17 abril. Comunicación e recordatorio sobre a preparación da enquisa de satisfacción das entidades empregadoras. Solicitud aos centros dunha listaxe de enderezos electrónicos das persoas de contacto de polo menos 5 entidades empregadoras de titulados/as de cada titulación, que poidan proporcionar información interesante.
- ✓ **DOCENTIA anual (centro):**
- 15 marzo. Solicitud ao centro de recollida dos datos da actividade docente do profesorado do mesmo no curso 2021/22, no marco do programa DOCENTIA de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado.
 - Prazo ata o 30 de abril; está case rematado e se achegará a próxima semana.
- **Selo EUR-ACE convocatoria 2022 (MUEM)**
- ✓ 24 febreiro. Achegan informe provisional favorable (B).
 - ✓ 22 marzo. Enviouse un escrito formal de aceptación do informe provisional.
- **Comisión de Calidade da UVIGO**
- ✓ 9 marzo. Infórmase do seguinte:
 - **Actualización e mellora da aplicación do SGC da UVIGO:**
 - Implantación dunha ferramenta que permitirá facer pública na web do centro documentación incorporada á aplicación.
 - Optimización da xestión das Accións de Mellora: filtros, formulario de rexistro das accións, posibilidade de engadir documentación cando se pecha unha acción, etc.
 - Balance das **EAD 2022/23** no primeiro cuadrimestre na UVIGO (participaron 1588 profesores/as e declinaron 40).
 - Balance das **EAD 2021/22:**




	18-19		19-20		20-21		21-22	
	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
Avaliadas	3031	98%	2826	94%	4978	60%	4861	52%
Anuladas	74	2%	183	6%	3368	40%	4453	48%
Total	3105	100%	3009	100%	8346	100%	9314	100%

- Corrección do erro das columnas “curso” (amosaba a media por curso na universidade en vez de na titulación).
- Resultados Programa **DOCENTIA, III convocatoria (14/15 – 18/19)**: pendente achegar informe.
- Balance das **ES 2021/22** (as ES 2022/23 están en período de realización):

	Curso 19/20		Curso 20/21		Curso 21/22	
	Resultado	Participación	Resultado	Participación	Resultado	Participación
Alumnado	3,28	34%	3,34	26%	3,41	21%
Profesorado	-	-	4,18	47%	-	-
Persoas tituladas	3,37	39%	3,45	18%	3,33	15%
PAS	-	-	3,75	20%	-	-

- Informe anual de QSPs 2022 (publicado recentemente):



Motivo	2020		2021		2022	
	nº	%	nº	%	nº	%
Prestación	300	41.3%	143	30.1%	116	36.6%
Docencia	163	22.4%	96	20.2%	70	22.1%
Procesos	116	16.0%	84	17.7%	60	18.9%
Instalacións	100	13.8%	82	17.3%	41	12.9%
Persoas	48	6.6%	70	14.7%	30	9.5%

➤ Espazos INFO en MOOVI

- ✓ 3 marzo. Publicación da sección **Preguntas Frecuentes**, nos espazos correspondentes ás titulacións de grao, na que se recollen as respostas ás preguntas que máis fai o estudiantado no Negociado da Escola e ás persoas coordinadoras ou titoras; tamén inclúen ligazóns ás páxinas web onde poden atopar máis información. As preguntas están agrupadas por temáticas para que sexa máis doado atopalas.
- ✓ Para a titulación de Máster está pendente elaborar as preguntas sobre TFM.

- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
 - ✓ 29 marzo. Publicación no Portal de Transparencia dos indicadores pendentes: *DOC.Profesorado con horas de docencia e grao e mestrado* e *MER.Profesorado doutor, quinquenios e sexenios en grao e mestrado*.
 - ✓ 31 marzo. Deshabilitouse o indicador *MER.1 Profesorado doutor en grao e mestrado* no Portal de Transparencia, por un problema na carga dos datos.
 - ✓ 14 abril. Publicación no Portal de Transparencia de varios indicadores entre os que se atopa o indicador *PRE.GRA.Admisión nos estudos de grao, 1º e 2º ciclo*, correspondente ao curso 2022/23.
- **Rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022**
 - ✓ **R1-PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) (30/12/22)**
 - 14 marzo. Publicados os Informes EAD 21/22 por titulacións (corrixidos os erros de cálculo).
 - 16 marzo. Subidos os rexistros á plataforma do SGIC e peche da mesma.
- **Rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2022-2023**
 - ✓ **R3-PE02 P1 Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas (31/12/22)**
 - 10 marzo. Envíase un e-mail pedindo a comunicación de necesidades.
 - 20 de marzo. Non se achegou ningunha solicitude ao final do prazo.
 - Decídese pechar o rexistro subindo á plataforma un documento no que se recolle o feito de que non hai ningunha proposta de actividade formativa dende o centro.
 - ✓ **R1-DE03 P1 – Informe Revisión Sistema pola Dirección (IRPD) (15/03/2023)**
 - Case está terminado o documento base. Achegarase proximamente.
 - ✓ **R1-DO0102 P1 – Informe anual de seguimento da titulación (x3) (15/03/2023)**
 - Como non procede seguimento externo ou acreditación das titulacións, o seguimento forma parte do IRPD e non procede o rexistro como tal.
 - ✓ **R2-PE02 P1 - Informe para responsables académicos (31/03/2023)**
 - Á espera da publicación do informe final do Programa DOCENTIA, III convocatoria (14/15 – 18/19).
 - ✓ **R1-DE01 P1 - Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro (xullo 2023)**
 - Convocarase en breve a primeira reunión.
- 3. **Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DO0301 P1 Verificación/Chequeo de Información Pública* do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.**

A Presidenta cede a palabra ao Coordinador de Calidade, quen sinala que este rexistro consiste nunha revisión do estado da información pública do centro. Aclara que a revisión foi levada a cabo por Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos,

comprobando a accesibilidade á información pública do centro seguindo o *check list* recollido no procedemento **DO0301 Información pública e rendemento de contas**. Lembra que o documento (Anexo III) foi achegado con antelación e sinala os principais aspectos.

A Comisión de Calidade aproba o rexistro por asentimento.

Agradece a Francisco Deive a revisión da web e a elaboración do documento.

4. Aprobación, se procede, da memoria provisional de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas”.

A Presidenta sinala que a memoria provisional (Anexo IV) foi aprobada na sesión do 27 de abril da Comisión Académica do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.

Lembra que no 2019 propúxose facer unha modificación conxunta das titulacións de grao e máster da Escola, dado que se tiñan identificadas cuestións que non estaban ben resoltas entre as titulacións de grao e a de máster (solape e/ou repetición de contidos, necesidade de actualizar e incorporar novos contidos e competencias, etc..). Indica que xa se acometeu a modificación dos graos e no próximo curso vaise implantar o cuarto curso dos graos, polo tanto é necesario implantar o primeiro curso do máster no curso 2024/25.

A entrada do *“Real Decreto 822/2021, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad”*, supón unha dificultade engadida, dado que modificouse o formato e estrutura de contidos das memorias de verificación. Sinala tamén que a recente concesión do Selo EURACE para a titulación fai necesario non modificar substancialmente as materias nas que se basea a obtención do Selo (fundamentalmente as materias obrigatorias)

A meirande parte do título non se modifica. Amosa e comenta a memoria, indicando as diferenzas respecto ao formato da memoria anterior, salientando os aspectos principais e as modificacións introducidas no plano de estudos e sinala as dificultades atopadas e as dúbidas e cuestións pendentes e que serán resoltas na seguinte fase do deseño do título, na elaboración da memoria definitiva.

A comisión aproba a memoria provisional por asentimento.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e oito de abril de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 28/04/2023

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 28 de abril de 2023, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto (*)**, e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2023.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DO0301 P1 Verificación/Chequeo de Información Pública* do procedemento DO0301 Información pública e rendemento de contas.
4. Aprobación, se procede, da memoria provisional de modificación da titulación “Máster Universitario en Enxeñaría de Minas”.
5. Rogos e Preguntas.

Vigo, 21 de abril de 2023

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 28/04/2023

Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 28 de abril de 2023	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Raquel Gandón Chapela	Representante da UTC
Diego López González	Representante da Sociedade



ANEXO III

Rexistro *R1-DO0301 P1 Verificación/Chequeo de Información Pública*

ANEXO IV

Memoria provisional de modificación da titulación

“Máster Universitario en Enxeñaría de Minas”